



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Xuño 2017

O MECD presenta na Mesa Sectorial do Estado un inicio de negociacións sobre o ingreso na función pública docente baleira de contidos

A aplicación dun mal acordo a unha realidade complexa

Na Mesa Sectorial estatal do 28 de xuño os máximos responsábeis do MECD presentáronnos ás organizacións sindicais con representación nela unha liñas básicas das futuras ofertas de emprego que non responden ás necesidades de estabilidade do persoal e de mellora de calidade do ensino público

Como CIG-Ensino amosámonos críticos co acordo suscrito entre o goberno do PP, CC.OO, CSIF e UGT, tal como fixemos cando se asinou, xa que implica en primeiro lugar a limitación da reposición da taxa de efectivos ao 100% na actual oferta de 2017 e enmarca o debate e calquera posíbel concreción á contención do gasto e ao persoal total actualmente existente. Por tanto, a consecuencia dese acordo supón a renuncia expresa a que nas ofertas de emprego que poida haber nos próximos anos se superen os efectos dos recortes nas administracións públicas e no ensino público en particular. O importante recorte en postos de traballo dos últimos anos co goberno Feijóo estaría así bendicido por este acordo dado que en ningún caso se poden ampliar os postos estruturais que agora mesmo existen.

Ese acordo responde, ademais, a vellas prácticas de pactos entre cúpulas sindicais e poder político sen ter en conta o parecer do profesorado e, polo que nós sabemos, nin sequera das administracións que teñen que xestionar os recursos humanos dos que estamos a

falar, xa que o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes (MECD) só xestiona directamente Ceuta e Melilla. Na nosa defensa dun marco galego de negociación, máxime en terreos como o educativo, con competencias transferidas, o lóxico e normal sería que a negociación se producise nos respectivos países e comunidades.

Desde a CIG-Ensino entendemos que estamos en disposición de ir máis aló do texto asinado e reclamar unha negociación real que permita a recuperación dos nosos dereitos perdidos, das nosas condicións de traballo previas ao inicio da crise e que implique unha mellora substancial da calidade educativa (redución de ratios, ampliación de cadros de persoal, redución de carga lectiva ás 18 horas en secundaria e 21 no corpo de mestres, desdobres en determinadas materias, negociación e regulamentación das aíns cara a súa desaparición, etc...).

Todo isto implica un plan de incremento de postos de traballo que desborda o acordado entre os sindicatos estatais e o goberno do PP. As liñas expostas hoxe na Mesa Sectorial de Educación polo MECD non permite esa superación dos marcos prefixados e impide falarmos de auténtica consolidación de postos de traballo. Así o entende o propio MECD cando claramente diferencia entre estabilidade (conversión de emprego temporal en fixo mais sen atender á realidade do

persoal interino) e consolidación (que parta do persoal existente, diferenciando convocatorias de consolidación e de libre acceso).

Na presentación feita polo Secretario do Estado do MECD ficou claro que o acordo supón recoñecer a existencia dunha taxa de reposición do 100% no persoal docente, unha taxa que non existía antes do 2010 e á que CIG-Ensino se opón radicalmente, ao entendermos que se deben ofertar en cada convocatoria todas as vacantes realmente existentes e non só as que se producen por xubilación. De feito o MECD aclara, por se alguén tiña dúbidas, que nos próximos anos haberá unha oferta ampla porque se permitirá transitoriamente superar ese 100%. É dicir, abundaba con eliminar a taxa permanentemente, como reclamou a CIG-Ensino, para que se puidese falar de ofertas amplas sen necesidade de estaren limitadas no tempo, como se fai no acordo.

O MECD avanza que os orzamentos que se veñen de aprobar no Congreso dos deputados supón un problema no marco educativo ao vincular esa oferta de emprego a tres ofertas de emprego que serían até 2019. Así as cousas, adiantan que o seu propósito é desenvolver esas tres ofertas de emprego en cinco convocatorias, rematando no ano 2022, diferenciando oferta de emprego de convocatorias. Mesmo comentan a posibilidade de que neses cinco anos se

puidesen alternar as convocatorias dos diferentes corpos. Desde a CIG-Ensino chamamos á atención ao MECD sobre un feito fundamental como é a plena competencia na xestión do persoal que a Xunta de Galiza ten, como o resto das administracións educativas, polo que falar sobre cantas prazas, de que corpos e especialidades ou en que anos se poden ofertar nun órgano como a Mesa Estatal está fóra de lugar ao non ser competencia do Estado.

A intencionalidade do MECD é reunirse coas administracións educativas e posteriormente de novo coas OO.SS., fixando un calendario de negociacións. As intervencións do altos cargos do MECD foron suficientemente ambiguas sobre cales son as súas auténticas intencións mais todo apunta a que poderían optar por manter para a convocatoria do 2018 o actual sistema (sistema ordinario do RD 276/2007) e nos primeiros meses do curso 2017/18 decidir se negocian un novo sistema de ingreso, tamén con novos temarios para os seguintes anos ou se manteñen o actual (que vén desde o 1991).

Nese sentido desde a CIG-Ensino insistimos que, para alén da nosa proposta de acceso diferenciado, non nos plantexamos ningún marco onde non se leve ao máximo a valoración do traballo docente desempeñado, para o que o actual RD 276/07 é claramente insuficiente. Alertamos, asemade, duns temarios maioritariamente obsoletos que deberían actualizarse canto antes. Non estamos de acordo en xerar incertezas ás per-

soas que opositarán nos próximos anos, e entendemos que as negociacións deben ser inmediatas, comezando xa no mes de xullo, para que a principio de curso as persoas opositoras coñezan as regras de xogo. Neste sentido interpelamos directamente ao MECD sobre tres cuestións básicas que debemos coñecer canto antes: se vai haber ou non cambio do real decreto, se pretenden modificar ou non os temarios e se están dispostos a articular un sistema transitorio. É o menos que unha administración debe confirmar canto antes.

Malia recoñer a obsolescencia dos temarios, o MECD alega que ten que falar coas administracións educativas e que, con case total seguridade, non nos convocarán até mediados de setembro. Para a CIG-Ensino ese calendario é impresentábel xa que nos leva a que ou ben non se produzan cambios ou ben a que, de se produciren, estes cheguen tarde, mal e arrastro.

Garantías para o persoal interino.

O goberno do PP fala de reducir a taxa de interinidade, absolutamente disparada polos efectos dos recortes dos gobernos, primeiro do PSOE e posteriormente do PP, mais co que en realidade nos atopamos é cunha situación na que quen causaron os problemas veñen agora a vender que traen as solucións cando non se fala de recuperar os postos de traballo perdidos. Mais non podemos deixar de poñer o acento en que reducir a porcentaxe de persoal interino non implica buscar unha solución a quen durante anos serviu, en situación pre-

caria, a manter o sistema educativo, xa que non se presenta ningunha proposta conducente a consolidar ao persoal que actualmente traballa.

Desde a CIG-Ensino sempre defendemos a vía do acceso diferenciado para facer fronte a dúas realidades que entran en conflito e que merecen unha atención distinta: a do persoal con servizos prestados e quen accede sen experiencia previa. Poñer como escudo permanentemente a cuestión da legalidade vixente como un mantra non é a solución. As limitacións existentes a nivel xudicial poden ser salvadas con cambios normativos do máximo nivel. Só hai que ter vontade política de facelo.

É obvio que calquera medida, e sobre todo en ofertas amplas tras anos de paralización e redución de emprego, deben vir acompañadas de plans de estabilidade, especialmente para quen leva tempo traballando e quen se atopa nunha idade xa avanzada. Mais de novo facemos fincapé, fronte a algunhas voces sindicais que parecen máis centralistas que o propio PP, que iso só se pode facer no ámbito autonómico, e será nel onde como CIG-Ensino insistiremos en camiñar cara un acordo que garanta a estabilidade, cando menos das persoas maiores de 55 anos.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baioxminho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal